

## 1ª proposta “ASESORÍA AFECTIVO-SEXUAL VIRTUAL” NARÓN


Boas xente!

Somos Virginia e Raquel, que tal estades? Agardamos que ben tanto vós como as vosas familias. Fáisenos raro todo isto de non poder ir aos vosos centros, acompañarvos cada semana, saudarvos en persoa e escoitar, comentar e debater sobre as vosas preguntas, dúbidas e inquietudes acerca da sexualidade durante os recreos.

E por iso que, aínda que podedes seguir poñéndoos en contacto con nós a través da conta de correo: [peas.sexoconsentido@gmail.com](mailto:peas.sexoconsentido@gmail.com) como cando faciamos as asesorías presenciais nos vosos centros, pensamos que tamén pode ser interesante facervos cada semana unha proposta sobre o tema da sexualidade (poderá ser un vídeo, artigo, nova, canción, videoclip, etc.) para que reflexionedes, investiguedes, comentedes coa vosa familia, amizades, etc. E por suposto, que nos preguntedes, opinedes ou propoñades temas ou ideas que queirades.

Seguro que estes días estades vendo un montón de series, películas...así que a nosa primeira proposta é unha pequena serie web que tedes en youtube de balde; chámase S.E.X e trátase dunha webserie galega de educación sexual, podedes vela no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=I-wgB2n6I4c&t=4s> (1º capítulo, pero teñen 5 mais...)



É una serie da productora Illa Bufarda, en colaboración con ASEIA (Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia) e apoiada pola Sociedade Galega de Sexología (Sogasex) e a Fundación Paideia; e foi premiada na segunda edición do Premio Luis Villalta de proxectos culturais pola igualdade da Diputación da Coruña.

Animámosvos a ver a serie e agardamos as vosas dúbidas, comentarios, emocións ou saudíños no noso mail (lembrade indicarnos nome, centro e curso); faríanos moita ilusión saber de vós, así que aquí estamos para o que necesitedes mentres non poidamos vernos:

[peas.sexoconsentido@gmail.com](mailto:peas.sexoconsentido@gmail.com)

Mandámosvos unha aperta virtual 😊

Virginia e Raquel

#todovaisairbenconcabezaecorazón #educaciónafectivosexualnaron #sexoconsentido